

**PROGRAMA PRINCIPIA
2018
AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

No [Diario Oficial de Galicia](#) do día 21 de maio de 2018 publicouse a resolución do 24 de abril pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o fomento da contratación de tecnólogos para a realización de actividades de I+D+i nas empresas e organismo de investigación en Galicia ([Programa Principia](#))

ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

Serán actividades subvencionables a contratación de tecnólogos para a realización de actividades de I+D+i. Estas actividades estarán aliñadas cos retos e as prioridades estratéxicas establecidas na RIS3 para Galicia.

REQUISITOS DO PERSOAL A CONTRATAR

Os candidatos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter unha idade comprendida entre os 18 e os 35 anos.
- Estar en posesión dun Título Medio ou Superior (titulación de grao): Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto, Graduado, Diplomado, enxeñeiro Técnico ou Arquitecto Técnico.
- Título de Formación profesional de grao superior ou equivalente.
- Non ter experiencia laboral superior a 36 meses no grupo de cotización á seguridade social correspondente á súa titulación. Para o computo desta experiencia non se terán en conta as prácticas que formen parte dos currículos para a obtención das titulacións correspondentes, as prácticas non laborais ou as bolsas.
- Non ter sido contratado nos seis meses anteriores pola Universidade de Santiago de Compostela, no grupo de cotización á seguridade social correspondente á súa titulación.
- Non ter sido subvencionada a súa contratación ao abeiro da Resolución do 2 de xuño de 2016 e 8 de xuño de 2017.

DATOS DE INTERESE DOS CONTRATOS

O custo mínimo anual do contrato, incluída a Seguridade Social a cargo da empresa , por cada persoa contratada, será de:

Titulado universitario medio ou superior.....	28.278,00 €
Retribución mínima bruta mensual.....	1.491,90 €
Incentivo a percibir por cada contrato.....	10.000,00 €
Importe a cofinanciar polo grupo.....	18.278,00 €

Titulado de formación profesional de grao superior ou equivalente.....	21.758,00 €
Retribución mínima bruta mensual.....	1.147,90 €
Incentivo a percibir por cada contrato.....	10.000,00 €
Importe a cofinanciar polo grupo.....	11.758,00 €

PROCEDIMENTO PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES POR PARTE DOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

A presentación de solicitudes será realizada pola Universidade, **para determinar os perfís que se van a incluír os grupos de investigación achegarán, antes das 14 horas do día 14 de xuño, á dirección de correo electrónico: recursoshumanos.programas@usc.es a seguinte documentación:**

- Compromiso de Cofinanciamento do Contrato incluíndo a partida orzamentaria que asumirá o custo ([anexo I](#))
- Informe xustificativo da contratación, asinado polo Coordinador do grupo de investigación ([anexo II](#)).

CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN

A convocatoria establece un máximo de 10 solicitudes por Institución/Entidade solicitante, razón pola cal o Vicerreitorado de Investigación e Innovación establece os seguintes criterios de prioridade para definir a oferta de prazas da USC:

- Nº de puntos de produción científica (2014-2016) do Grupo que presenta a proposta¹
- Nº de Investigadores predoutorais adscritos ao Grupo que avala a proposta (priorizarase a carencia de predoutorais actualmente financiados por Programas de Recursos Humanos). En relación con isto, priorizaránse aqueles perfís asociados coa formación predoutoral no marco dun programa da USC
- Quedarán excluídas os beneficiarios que recibiran esta axuda na convocatoria anterior

A Vicerreitoría resérvase a opción de aplicar algunha das prazas por interese institucional.

DATOS DE INTERESE

Para pedir información da convocatoria ou para resolver incidencias derivadas da mesma pode poñerse en contacto con:

Información da convocatoria

USC-Oficina de Investigación e Tecnoloxía: 16215/16213, recursoshumanos.programas@usc.es

GAIN-Axencia Galega de Innovación: 981 999 121 servizos@xunta.es

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2018
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación

¹ Os puntos adxudicados por Producción Científica poderán ser ponderados respecto do tamaño do Grupo e dos valores medios de produción por Gran Área de Coñecemento